

# A India, un elefante no zoo occidental

María Reimóndez Meilán

## A entrada ao zoo é gratuíta...

---

**A**nte a complexidade do actual panorama socioeconómico en Asia e ante a distancia que se establece entre a India e Galicia resulta certamente complexo presentar unha visión xeral dun país vastísimo, complexo e calidoscópico. Tras unha revisión rápida de certos artigos recentes sobre o país en diferentes foros sería doado caer en simplificacións e estereotipos de ampla difusión en Occidente con respecto a certos países asiáticos, sobre todo a China e a India. Porén, para unha persoa que leva doce anos traballando non desde o estudo económico ou sociocultural académico do país senón desde as organizacións de cooperación de base, este tipo de enfoque non sería nin lóxico nin desexable. A visión que a cooperación internacional proporciona necesita dun entendemento das realidades económicas e sociais dos países pero desde un enfoque centrado nas persoas e nos sentidos amplos da economía, a socioloxía, a política.

Se a todo isto lle engadimos unha mínima sensibilidade intercultural e considerando que despois da aparición de *Orientalismo* de Edward Said e de *Baixo a mirada occidental* de Chandra Talpande Mohanty resulta máis que comprensible o contraprodente das imaxes estereotipadas occidentais sobre os países “afastados” da nosa tradición xudeo-cristiá, terá que desculpar o colectivo lector que este sexa un artigo un tanto heterodoxo, preocupado por desmontar ese “elefante” que para Occidente é a India. Potente e vital en todos os sentidos da palabra. Pero tamén estraño e descoñecido.

O feito de escoller o elefante como metáfora da situación da India non é gratuíto. Este animal representa un universo de connotacións no país, non só a da fortaleza e o traballo senón tamén a da sabedoría, encarnada no deus Ganesha dos hindús. Este é tamén o deus das artes, da cultura. E tamén podemos falar desoutro elefante, o “elefante branco”, en inglés unha metáfora de algo “caro e inútil”, como resultan moitas veces as políticas occidentais impostas nos países do sur e tamén como resultan as imaxes que Occidente ten creado sobre a India en época recente.

Velaquí un humilde intento de subir ao elefante, respectar o seu entorno e velo en contexto, talvez con outros ollos.

## Desmontando o elefante

---

Se botamos unha ollada ás informacións que aparecen de xeito regular nos medios de comunicación sobre a India, poderemos comprobar que estas se agrupan en tres ou catro tendencias ben pouco globais. Ímolos analizar brevemente de segui-

do como base para rachar coas portas dese zoo occidental da imaxe mental que existe sobre a India.

Se nos centramos nos medios de comunicación de masas, e con contadas excepcións de eventos moi concretos (véxase a recente visita de Bush), a India está fóra do panorama informativo diario, non sendo en caso de catástrofe ou “noticias curiosas”. Dentro desa invisibilidade xeral, a única excepción presente nos medios de cando en vez resulta a problemática relación con Paquistán. Polo menos ata época recente era o habitual atopar noticias sobre o combate aberto nunha fronteira creada pola colonización, como tantas outras cousas. Mesmo se a violencia en Jammu e Caxemira non cesa desde a guerra de Partición, só chegaron a aparecer nos medios os grandes eventos máis duros (partición de Bangladesh) e logo algúns supostos recrutamentos, como a primeiros de 1996. Porén, esta situación muda substancialmente coa invasión estadounidense de Afganistán, cando Paquistán, unha ditadura militar da que ninguén fala nin inclúe no “Eixo do Mal”, se converte en aliado convulso dos estadounidenses na zona, provocando interese en acalar as noticias procedentes desta zona. Estados Unidos precisa a Paquistán, pero tampouco pode prescindir da India, un aliado económico e estratéxico fundamental no pulso coa China.

Estas informacións sobre a situación fronteiriza, como se pode comprobar, responderon en Occidente con frecuencia a intereses da conxuntura política e tamén contribuíron a espallar unha imaxe de conflito estendido nun país onde a situación da convivencia interrelixiosa é moito máis complexa e bastante diferente do conflito fronteirizo con Paquistán.

Por outra banda, as informacións recentes noutro tipo de ámbitos occidentais tenden a centrarse nun tema xa brevemente mencionado, o crecemento económico do país sobre todo en relación co outro xigante asiático, a China. Deste asunto falaremos polo miúdo máis adiante e matizaremos as informacións de diversa índole que se manexan na nosa sociedade, sobre todo en foros económicos.

Tamén en relación directa con esta cuestión está o tema da pobreza, elemento de debate non só no eido económico senón tamén no social e que implica neste caso a organizacións que como Implicadas/os no Desenvolvemento traballamos no país e movemos á sociedade civil do norte no pulo por unha riqueza mellor distribuída en todos os países internamente e, sobre todo, a nivel internacional.

Finalmente, consideramos a imaxe máis estendida socialmente en Occidente, a da India exótica e fascinante dos libros de viaxes que a case todo occidental turista deixa perplexo nada máis abrillo. Esta imaxe, volvendo a Said, é moito máis antiga cós folletos das axencias, e leva instaurada en Occidente desde As mil e unha noites (que se asocia á India nesa imaxe difusa do “Oriente” exótico en que todo cabe, excepto un coñecemento realista e responsable das realidades alleas). Fronte ás outras dúas imaxes, máis enfocadas a persoas eruditas, consideramos que esta resulta a máis preocupante, tanto por estendida como por cegadora na súa beleza de rubís, só lixeiramente escachada polas moreas de esmoleiros que rodean o Taj Mahal e as

estacións de trens. Esa imaxe idealizada que choca de fronte coa miseria máis absoluta provoca fascinación ou rexeitamento en moitas persoas que visitan o país como turistas ou negociantes, tocando só na superficie a complexidade inmensa dunha sociedade viva e vital, cambiante e diversa como poucas outras.

### **... para poder volver montar nel**

---

Resulta interesante comprobar o proceso que nos leva na época actual a Occidente a considerar a India como un novo poder no horizonte, como un superestado ao que se pode tratar de igual a igual. Os comentaristas comezan a falar con reservas da India, un país en vías de desenvolvemento, e tentan atopar todo tipo de explicacións para as contradicións que sen dúbida se tornan evidentes aos ollos occidentais. Zaid Hassan, un ciberxornalista, dá unha boa definición deste proceso cando afirma que “agora que a India se pode expresar na linguaxe (ou linguaxes) que tan ben comprende Occidente, este recoñece á India como unha potencia”. Se cadra aí reside a solución ao quebracabezas misterioso. Intentaremos desenlear máis concretamente esta mea.

Hai aínda poucos anos, durante a época da guerra fría, a India era un deses países neutrais ou pouco comprometidos, se cadra, ou ben con demasiados problemas fronteirizos, que o levaban a manterse no bloque non aliñado. Nun estraño equilibrio, a India combinou, durante décadas, un tipo de políticas de corte soviético con outras propias dunha sociedade democrática de corte máis capitalista. Non en van moitas das contradicións actuais proveñen dese tipo de arranxo. Pero foi precisamente neses anos se cadra cando a India se preparou para falar a linguaxe de Occidente, desde a experimentación coas bombas atómicas (un tema que volve á primeira plana da actualidade estes días) ata o propio idioma dos colonizadores, o inglés, unha base insubstituíble coa que a India está en posición de comer o mercado da externalización de servizos de asistencia telefónica para os países anglosaxóns.

Hai quen chega a pensar incluso que este proceso de absorción do alleo está no cerne dun certo tipo de comportamento indio. Ashis Nandi nun estudo sobre os efectos do colonialismo na psique india e británica comenta que “ao proxector, a idea de que a India ten un carácter que busca o acordo, a/o india/o goza dunha autodefinición fluída, está disposta/o a aprender o xeito de facer as cousas das civilizacións que a/o acompañan, sempre e cando tal aprendizaxe leve consigo unha ganancia”. Esteamos de acordo ou non con esta definición un tanto esencialista “da/o india/o”, semella haber algo de verdade na capacidade do país en época recente para dominar esas linguaxes e presentar ante Occidente unha imaxe de “buscar o acordo”, aínda que se cadra non tan prístina e impoluta como lles tería gustado aos seus dirixentes políticos.

Un claro exemplo dos problemas de tentar presentar esa imaxe está na forza sen parangón dos movementos sociais indios, que tan pouca atención atraen na prensa

supostamente sería de Occidente. Sen dúbida, esta contradición apareceu claramente na recente visita de Bush. Por unha banda, o estado de sitio en Delhi, a limpeza das rúas e as informacións case intoxicantes na prensa diaria sobre as idas e vidas de George W. e Laura (que ata apareceu na versión india de Barrio Sésamo, outro grande produto americano), desde as súas comidas e ceas ata os seus paseos, contrastaron de maneira flagrante coas manifestacións incesantes nas rúas por todo o país. Mesmo aínda facéndose un esforzo por presentar as manifestacións como exhibicións de forza de grupos de “islamitas” (que xa sabemos que na linguaxe estadounidense recente é sinónimo de calquera persoa que teña algún tipo de vinculación co Islam), non quedou dúbida de que as 500.000 persoas que ocuparon Delhi durante días tiñan procedencias moi diferentes e non se poden limitar a un grupo tan ben definido e de interese para a política de Bush.

Mesmo se para Occidente un dos momentos máis conflictivos foi a sinatura dun acordo de exportación de compoñentes de armamento nuclear, na India provocou moito máis arrepío, como ben expresa Arundhati Roy, o feito de que un xenocida (outro máis) visitase a tumba de Mahatma Gandhi ou que tivese que suspenderse unha sesión do Parlamento ante as ameazas dos e das parlamentarias de vilipendiar a Bush, caso de atreverse a comparecer. Isto provocou un auténtico e intenso baile de sedes para a recepción e discurso do ilustre dignitario, que rematou (e gardemos as ironías) no Zoo de Nova Delhi, nun antigo palacio, porque o Red Fort tiña demasiados problemas de seguridade (está rodeado por un barrio “musulmán”).

Ademais, as relacións entre os dous países pasan por momentos confusos desde a invasión de Afganistán, que levou a un compromiso dos Estados Unidos con Paquistán, o maior axente terrorista para o Estado indio, que obviamente non ve con bos ollos tales alianzas. Mesmo se Estados Unidos pretende amosar a existencia dunha imaxe de “ameaza mundial” que debe favorecer a unión, a India e Paquistán teñen un conflito aberto no que resulta difícil entrever unha solución sen mediación externa. Os amigos americanos hai xa algúns anos que deixaron de ser unha esperanza. O legado colonial da partición que deixaron como herdanza os británicos, latexa con enfrontamentos e escaramuzas cada día aos dous lados da fronteira sen que haxa moita posibilidade de resolución no horizonte. Mesmo se a situación se tornou algo máis pacífica desde o cambio de goberno do BJP ao partido do Congreso en 2004, as negociacións entre unha democracia e unha ditadura resultan sempre difíciles de xustificar. Porque a India é, sen dúbida, a democracia máis grande do mundo. Resultan curiosos os comentarios e debates occidentais sobre este tema, prontos a sinalar as contradicións do funcionamento democrático nun país en vías de desenvolvemento como se as democracias occidentais “establecidas” (recordemos que a española ten uns vinte anos menos cá India) carecesen delas.

Mais a India foi capaz de falar a linguaxe de Occidente tamén doutros xeitos e crear unha pantalla acorde aos seus fins: chegar a estar nunha postura desde a que poder negociar, desde a que poder falar, desde a que poder ser contemplada. Parte desa pantalla é o propio idioma do imperio, o inglés. Claro está que supón unha

vantaxe comparativa con outros países o feito de que sexa un dos dous idiomas oficiais do estado central (xunto co hindi), pero cómpre non caer na inxenuidade de pensar que as cidadás e cidadáns indios teñen acceso real a ese idioma de forma xeneralizada. O inglés é só o idioma das clases podentes, das persoas que acceden á universidade. Pero Occidente prefire pensar que dialoga con alguén que coñece a lingua franca antes de ter que enfrontarse a un panorama de diversidade que lle marearía a cabeza aos centralistas españois, anoxados xa polo uso de tres ou catro linguas máis no Estado. Se ben é certo que na India só as persoas con educación universitaria falan inglés, a maioría da poboación tende a ser políglota, en moitos casos grazas ao cambio de residencia dun estado federal a outro ou grazas á industria do cine da que falaremos brevemente máis adiante. Considerando que falar outro idioma en todo o Estado indio significa ter que aprender un alfabeto novo (cada idioma ten o seu), para unha mentalidade centralista semella un caso de trauma psicolóxico. Porén, a poboación do país non atopa nisto maior problema, porque o feito de aprender linguas está demostrado que é unha cuestión de mentalidade, e na India calquera sabe que se ten que trasladarse de Delhi a Bangalore terá que aprender canarés, mesmo sendo falante da lingua oficial do Estado, se aspira a manexarse no día a día. E curiosamente as persoas de castas máis baixas e con menor acceso a educación e recursos son, en moitos casos, as que maior coñecemento lingüístico atesouran, debido ás migracións ás que se ven obrigadas en épocas de fame.

Pero se unha linguaxe hai que é declaradamente patrimonio occidental e sobre todo do imperio actual, esa é o capitalismo. E aquí novamente o goberno indio soubo nadar e gardar a roupa, dando unha imaxe de apertura sen precedentes pero coa man férrea en certos aspectos fundamentais que veremos de seguido.

### **Moitos elefantes, un só lugar**

---

Mais retomemos por uns intres o tema da democracia. Un dos elementos fundamentais para resolver o quebracabezas indio da democracia ten moito que ver coa definición tan laxa da nacionalidade do país. Unha famosa colección de libros para aprender diferentes idiomas autóctonos resume claramente esta idea na frase: “Linguas temos moitas pero somos unha única nación”. Curiosamente é o uso desa palabra, “nación”, a que semella manter unido ao país, nun proceso lóxico tras a descolonización e o seu nacionalismo que chamou a todas as identidades e nacións que a India alberga a unirse nunha única para tripar cal enorme paquidermo os intereses económicos da metrópole.

O uso da palabra, claro está, tampouco está libre de conflitos internos. Existen certos estados cunha fortísima identidade nacional que levou a importantes movementos de reclamación dese recoñecemento. Un exemplo claro disto, se cadra o máis exemplar, é o de Támil Nadu. Os támbiles son un pobo orixinario da India e presente na actualidade noutros países, o máis célebre Sri Lanka, onde o conflito

entre os Tigres Támiles e as autoridades sinalís tamén suscitou algún interese mediático en Occidente noutros momentos. Centrándonos só nos támiles indios, o forte movemento nacionalista deste Estado Federal levou a importantes mobilizacións e protestas cando se elixiu o hindi como lingua oficial do país (unha lingua do norte, cun número de falantes en ningún caso maioritario, nin moito menos, pero emparentada coas demais linguas indoeuropeas da India: o gujarati, o maharathi, o bengalí, etc) e que continúa desde entón mobilizando á cidadanía polo recoñecemento dunha cultura ancestral e dun peso político propio.

Claro que o peso político queda certamente diluído na enorme arañeira de partidos políticos e roldas electorais do país. As alianzas están á orde do día, son de feito a única maneira de sobrevivir no complexo panorama da política hindú. Para que nos fagamos unha idea, nas eleccións de 1996, por poñer un exemplo, participaron 1.269 candidatas/os, os partidos chegaban a 38, tanto estatais como dos estados federais e a isto hai que engadirlle 10.635 candidatas/os máis independentes (<http://www.indian-elections.com/electoralsystem/electoralsystem.html>). Os distritos electorais varían en tamaño de 2,5 millóns de persoas a 50.000, o máis pequeno. E isto é só o panorama a nivel do estado central. A India é unha república parlamentaria e cada estado ten tamén o seu parlamento, que nalgúns casos ten case tantos representantes coma o estatal.

Estas cifras indican soamente unha parte da complexidade do problema. Outra parte importante ten que ver co que acontece ao nivel das persoas individuais, onde se dá a carencia dunha ideoloxía partidista, tal e como a entendemos en Occidente (en teoría, porque aquí tamén, na práctica, teríamos ben que falar). As lealdades seguen respondendo a eses intereses máis antigos e máis próximos ás persoas, aos veciños. É así que a participación en eleccións, en mitins e eventos políticos de todo tipo, rompendo o ideal do indio (xa non digamos da india) resignado, excede os límites do imaxinable. No caso de TAMIL NADU, por poñer un exemplo coñecido, son poucas as casas humildes que carecen da súa bandeira coa buxaina vermella e negra, símbolo do partido dravídico, un partido laico e anticasteista pero igualmente arraigado nesa rede de persoas e política de proximidade.

Isto non é de estrañar non só polo concepto da casta que tanto gusta en Occidente como forma de chamar incivilizados aos habitantes do subcontinente, senón porque realmente a India é, sen dúbida, un país onde se materializa o feito estendido en moitos estados de que a cidadanía careza dun referente estable en termos de identidade. A variedade lingüística, relixiosa, grupal, étnica e social en xeral, é tan ampla que, parafraseando a Castelao, o bo de ser india é que o pode ser calquera. As afiliacións pasan claramente polas castas, polas familias, polos grupos, polas linguas. As castas, por exemplo, están abolidas por lei e existen numerosos programas de discriminación positiva, incluso reservas no Parlamento para que as comunidades de casta máis baixa poidan ter representación. Hai por suposto quen critica estas medidas desde posicións de castas altas, igual que se critican en Occidente medidas de discriminación (ou acción) positiva a favor de mulleres, minorías

étnicas ou outros grupos. Porén, a participación destes grupos, que parten dunha base totalmente diferente ás castas altas, tería sido moito máis complexa sen estas medidas, e isto é algo que os datos corroboran, xa que nas últimas eleccións, mesmo se a participación total da poboación foi de case un 60%, a das persoas de castas baixas e a das mulleres chegou a igualar por primeira vez a media do conxunto do país (<http://www.geocities.com/aipsg/charcha/july2004/elections.html>).

Outro interesante elemento a ter en conta na análise do comportamento electoral na India, é a afiliación a familias. O exemplo máis sobranceiro é a da familia Gandhi, que como sabemos non está relacionada co Mahatma senón con Nehru, o primeiro dirixente da India trala independencia e un dos fundadores do Partido do Congreso. As eleccións de 2004 levaron ao poder novamente a esta familia de malfado parecido ao dos Kennedy, coa morte de Indira, filla de Nehru, Rajiv, fillo de Indira e outros membros máis en diversos atentados. Resulta interesante comprobar novamente que o poder dese apelido deu a posibilidade a unha “estranxeira”, Sonia Gandhi, de orixe italiana e viúva de Rajiv Gandhi, de participar na carreira política do país. Malia ás críticas, resulta un elemento realmente específico que volve novamente a incidir na idea dunha nacionalidade flexible en que, como neste caso, o apelido familiar foi máis determinante que a propia nacionalidade legal.

Igualmente, outro elemento desa flexibilidade atroz da India política, confusa e vital, é o feito de que nesas eleccións fose elixido como primeiro ministro un sikh, Manmohan Singh, considerando as represalias sen precedentes que a comunidade sikh padeceu despois da morte de Indira Gandhi (recordemos, a man dos seus propios gardacostas pertencentes a este grupo). Este feito tería sido impensable, claro está, de ter gañado novamente o Bharatiya Janatha Party (BJP), partido de corte ultraconservador e fundamentalista, que durante o anterior período electoral chegou a eliminar as referencias ao pasado musulmán da India dos libros de historia dos colexios. Unha das primeiras medidas do actual goberno foi devolver os musulmáns á historia da India e á súa actualidade contemporánea.

## **O zoo é pequeno para o elefante**

---

O crecemento económico da India é un tema de debate fervente nos últimos tempos. Sen dúbida débese esta preocupación á liberalización inducida por parte da Organización Mundial do Comercio (OMC) de certos mercados, sobre todo o do téxtil, e á competencia que os produtos da China e da India poden supoñer para os mercados occidentais. Porén, a India, de xeito máis patente, resulta na actualidade un referente para o mundo da tecnoloxía, cun persoal altamente cualificado, que como xa vimos fala a linguaxe do imperio (non só a lingua), e conta cunha clase media crecente e con ansias de consumo con nada que envexar a Occidente.

Ante os ollos occidentais semella existir unha aparente contradición entre este crecemento económico, reflectido en taxas de máis dun 8% anual e a pobreza

que mencionabamos anteriormente como outro dos signos distintivos da India na categorización común occidental. Rara vez se fai unha contextualización dese suposto despegue económico tendo en conta a realidade da poboación xeral dun país de mil millóns de habitantes. Supostamente, a prosperidade derivada dos centros de alta tecnoloxía (sobre todo Hyderabad e Bangalore) comeza a ter incidencia nun fragmento da poboación urbana. Considerando que na India só o 35% da poboación vive nas urbes e que dentro delas o 40% da poboación vive en zonas marxinais, suburbios e favelas, daquela esta riqueza afecta, finalmente, a só un 15% da poboación. O cal, en termos absolutos, equivale a uns 150 millóns de persoas, unha cantidade que pode semellar enorme, pero segue sendo pequena no total poboacional do país.

O ritmo de crecemento da India segue na mesma liña, segundo as previsións, pero máis difícil é chegar a unha situación onde a riqueza se redistribúa dun xeito máis equitativo. Claro que é doado falar nestes termos dos países ignorando a desigualdade xeral a nivel mundial entre países ricos e pobres. Igual que acontece a nivel mundial, a riqueza do libre mercado acumúlase nas mans dunha minoría cada vez máis reducida e só os movementos sociais poden facer por inverter estas tendencias.

A actual política de Singh (que xa fora ministro de economía con Narasima Rao, o último primeiro ministro do partido do Congreso) non é nova. Atopa importantes obxeccións nos partidos máis de esquerdas da coalición que lidera, pero segue tendendo a unha liberalización rampante que só atopa muros incondicionais nun par de temas candentes. Ao menos, polo momento. Un deles é a privatización de certas empresas públicas, sobre todo as do sector enerxético. E a outra é o investimento estranxeiro directo. Neste aspecto, cabe salienta a vixencia das restricións que impiden que as grandes multinacionais poidan instalarse de forma directa no país. A propiedade debe permanecer en mans indias. Esta medida, moi criticada polos feroces comentaristas pro-libre mercado de *The Economist*, está baseada na preocupación do goberno de que a instalación de grandes multinacionais estilo *Wal-Mart*, deixaría sen traballo a millóns de persoas que teñen como única alternativa os pequenos negocios. E aquí entramos a falar da outra cara desa suposta revolución india *hi-tech*.

Se cadra unha revolución máis silenciosa que se leva xestando nos últimos anos é o movemento social do microcrédito e a capacitación, que comezou en Bangladesh e que ten no subcontinente indio un nivel de implantación case sen parangón. A idea, recibida con escepticismo nun principio, demostrou ser a base para unha vida digna para millóns de persoas, sobre todo mulleres, en todo o país. As mulleres, grazas aos programas estatais e das organizacións non gobernamentais, son as primeiras en saír adiante grazas aos pequenos negocios locais que se verían totalmente asoballados se as grandes multinacionais instalasen as súas superficies nas vilas e cidades. Ao meu entender, non se pode infravalorar a importancia do movemento do microcrédito no crecemento económico da India, se ben as análises

económicas non tenden a consideralo e cómpre un estudo máis detallado deste fenómeno. Nestes últimos anos, o ritmo de aforro creceu de forma substancial. A importancia deste tipo de movemento foi recoñecida polo goberno, que el mesmo promove campañas de formación de grupos de aforro e crédito nas aldeas e cidades de diversos estados. Os propios bancos máis importantes do país contan xa con produtos axeitados para os grupos que demostren un historial impoluto de devolución dos créditos. As mulleres dos grupos de aforro poden acceder agora, de xeito privado, a capital, a través dos bancos, cousa que hai uns anos tería sido impensable. Todos estes pequenos negocios e estes pequenos grandes aforros de individuos e grupos representan, pola cantidade de poboación do país, un volume inxente de capital que comeza a moverse de xeito imparabile dunha forma máis significativa e democrática có xerado polas grandes industrias da *hi-tech*. Cómpre lembrar que o microcrédito baséase, mesmo cando o capital o proporciona unha entidade de crédito tradicional (bancos ou caixas) na xestión do fondo de xeito democrático no seo dun grupo. Os cartos son de todas as integrantes deste e poden dispoñer del só como grupo para dalo ás persoas individuais que o soliciten e que entre todas decidan. A presión do grupo serve para asegurar a devolución do empréstito e despois de case 30 anos de traballo nesta metodoloxía os gobernos e os bancos recoñecen o bo funcionamento e o baixo nivel de impagamentos. O propio creador desta metodoloxía, Muhamad Yunus, afirmaba cando a creou que o aval que as persoas pobres dan aos bancos é a posibilidade de vivir dignamente e por iso hai moito menos impagamento ca nos demais tipos de crédito.

Resulta fundamental non perder de vista estes movementos dado que o “outro” tipo de crecemento, o crecemento dunha suposta clase media baseada no modelo de consumo occidental, presenta enormes dúbidas preocupantes para o resto do mundo. Nunha edición recente da revista *Time* sobre o cambio climático, un dos artigos principais titulábase “De que maneira a China e a India poden axudar a salvar o mundo ou ben a destruílo”. Resulta un triste paradoxo, claro está, que o país que máis recursos naturais consome e que máis contaminación produce, amose unha actitude tan preocupada polo crecemento de dous países que, de seguir estritamente o modelo occidental, acabarían ipso facto cos recursos naturais dispoñibles. Máis que un interese xenuíno polo entorno (sería bastante dubidable vindo dos países industrializados que nin sequera son capaces de asinar un mínimo de mínimos como o Protocolo de Kioto) semella unha preocupación pola posta en perigo do “American way of life” máis exacerbado.

A propia India conta cos seus movementos sobre as cuestións ambientais, moito máis honestos ca revista *Time*. Desde os movementos para evitar a construción de encoros (Arundhati Roi é a cabeza visible dun deles) ata o fomento por parte do estado do uso da reciclaxe, enerxías alternativas, etc, ata o avance do feminismo ecoloxista, un movemento con pulo a nivel mundial que tivo as súas orixes na India. Imos abrindo entón a porta do zoo para deixar saír ao elefante e moverse con liberdade, amosar todo o que pode dar de si.

Os recursos dos países non son só as súas materias primas e industrias, é tamén a súa capacidade de innovación nun sentido amplo, a súa vitalidade cultural e os seus avances cara o benestar. Nas visións economicistas que en Occidente se promoven do crecemento indio (sobre todo visto como ameaza), falta sempre unha clave fundamental. Rara vez se valora o potencial da India como *think-tank*, como país produtor de ideas e correntes. O caso do ecofeminismo e do feminismo ecoloxista (non entrarei agora en detalles sobre este tema<sup>(1)</sup>) é un de tantos. Figuras como Amartya Sen, Arundathi Roi ou Vandana Shiva non son senón a punta do iceberg.

No camiño cara á superación da pobreza, a India foi capaz de poñer en marcha estratexias de participación fundamentais, foi capaz de instaurar movementos de tipo alternativo cun enorme potencial para cambiar a face da Terra se contasen cunha difusión semellante aos movementos occidentais deste tipo. O concepto da participación tan traballado nestes últimos anos no mundo da cooperación ao desenvolvemento permeou tamén a faciana política nun país xa altamente descentralizado, coa introdución do sistema do Panchayat Raj (con diferentes nomes en distintas rexións), ou concellos embrionarios nas zonas rurais. As eleccións ao Panchayat Raj son realmente o evento democrático máis fundamental de participación da cidadanía, sobre todo da pobre. E aquí o esforzo por implicar a mulleres que están activas nas súas comunidades é cada vez maior e está dando mellores resultados.

Aquí cómpre considerar tamén o eido das políticas sociais, que tamén son unha riqueza dos países e que na India atopan un campo vizoso no que desenvolverse, se ben o tamaño da poboación dificulta en grande medida que cheguen á cidadanía. Xa mencionamos anteriormente as medidas de discriminación positiva para a casta.

Pero se na India hai un tema pendente desde o punto de vista do compromiso político é o da superación da discriminación de xénero e de orientación sexual. Claro que nisto tampouco é un país que teña a exclusiva, nin moito menos. Dado que as mulleres somos outro deses elementos que Occidente utiliza para denigrar a culturas diferentes (lembramos a publicidade que se lle deu ao uso do burkha en Afganistán nos primeiros momentos da invasión estadounidense, ou a necesidade imperiosa de “liberar” ás mulleres dos “países musulmáns” que logo pasan ao esquecemento cando se trata de cuestións serias como formar un goberno para Iraq ou asuntos semellantes, cando xa non interesamos) cómpre ter coidado con estas afirmacións e velas sempre nun contexto de discriminación das mulleres a nivel mundial. No caso da India, as mulleres teñen recoñecidos os seus dereitos de xeito constitucional, aínda que o dereito civil, dividido tamén nun complexo labirinto xurídico, outorga diferentes dereitos ás mulleres hindús, musulmáns e cristiás nas cuestións que abarca. Só como elemento para a reflexión: os dereitos máis restritivos son os desta última comunidade, a cristiá.

---

(1) Para unha explicación cumprida dos debates entre Feminismo Ecoloxista e Ecofeminismo, véxase calquera texto de Bina Agarwal (feminismo ecoloxista) ou de Vandana Shiva (ecofeminismo) ou un resumo das posicións no artigo de Imma Llorit i Juncadella en [http://www.geocities.com/equipasia/Art\\_Ecofeminismo\\_Imma.htm](http://www.geocities.com/equipasia/Art_Ecofeminismo_Imma.htm).

O elemento máis negativo e contraproducente desta suposta política de xénero na India é que non é capaz de superar as bases do sexismo lindeiro, e propón solucións que na visión das feministas indias (e na miña propia) agravan os problemas máis que soluciónalos. O desenvolvemento dun país, tal e como o declararon as Nacións Unidas recentemente, non pode darse sen implicar ao 50% da poboación. E cando ese 50% da poboación non pode saír da casa por medo ao rampante acoso sexual diario, obviamente isto convértese nun problema de estado. O problema do acoso sexual en buses, rúas e, en xeral, calquera lugar da vida diaria, obriga a moitas mulleres a enfrontarse á violencia cada día para poder estudar ou traballar ou a ficar na casa porque non todas temos vocación de heroínas. A solución para o problema: segregación de homes e mulleres nos buses, trens e outros lugares (incluso nas escolas). Isto faise cando está máis que demostrado que un dos problemas que subxace a este tipo de comportamentos é precisamente a segregación entre homes e mulleres, que impide que estes nos contemplan como seres humanos iguais. Este tipo de enfoques perniciosos están presentes de forma xeneralizada nas políticas públicas en materia de xénero e ata que o enfoque non mude é moi improbable que cambien as prácticas, dado que estas se modifican lentamente, mesmo cando o enfoque é o correcto. Este é só un exemplo, pero hai moitos outros. Asuntos de estado son tamén as mortes por dote, 25.000 mulleres cada ano, o tráfico de mulleres e outras prácticas.

Por moito que en Occidente asociemos a India co Kamasutra, o xeral da sociedade tende a vivir cuns enormes conceptos tabús da sexualidade. Nun país onde as relacións sexuais entre persoas do mesmo sexo son un crime polo que se pode ir ao cárcere, as prostitutas poden tamén correr a mesma sorte (non os que utilizan os seus servizos ou trafican con persoas, claro), onde se debate (como en Estados Unidos, lembremos) o ideal da educación sexual, o traballo de base é a única alternativa a un problema onde as políticas públicas, como acabamos de ver, seguen partindo do conservadorismo máis rancio.

Neste contexto, ademais, a pandemia da SIDA abriu todas as caixas de Pandora, obrigando a sacar á luz pública a necesidade de falar de sexo e de recoñecer a existencia dos homosexuais (os homes acaparan novamente a primeira plana). Foi só no ano 1998 que o goberno indio comezou a lanzar campañas de sensibilización sobre a pandemia da SIDA e, na actualidade, xa non hai bus, camiión, espazo público, que non amose as imaxes (sempre suxestivas e non explícitas) que se asocian coas vías de transmisión e os métodos de prevención. As mulleres están, neste caso, novamente no ollo do furacán, dado que a práctica dos matrimonios arranxados as pon en situación de vulnerabilidade, xa que moitas veces se arranxan matrimonios con homes infectados (estes son os que socialmente teñen acceso ao sexo antes do matrimonio de xeito xeneralizado) e non poden facer nada ao respecto. Certos grupos de presión tentan facer obrigatoria a proba da SIDA nos matrimonios arranxados, considerar un homicidio o matrimonio con persoas infectadas cando hai coñecemento por parte da familia do noivo (un caso frecuente en demasía) e outros grupos prefiren rematar cos matrimonios arranxados, solución máis axeitada ao proble-

ma de base e que non só resolvería os conflitos que saca á luz a SIDA senón moitos outros que van en detrimento do benestar, sobre todo das mulleres.

A última porta do zoo que queda por romper é a da representación cultural dun país ao que se asocian algúns nomes consumidos por occidente como exóticos e pouco máis. Só aquelas persoas amantes do cine se cadra saben que a India é a maior industria do cine do mundo, que produce películas en todos os idiomas oficiais do país (Bollywood é só a industria que produce películas en hindi, logo hai industria en támara, en canarés, en telegu, en maharathi, etc). Raras son as producións estado-unidenses que chegan ás carteleiras, todas elas axeitadas ao gusto indio (por exemplo *Titanic*, *Troia*, grandes historias de amor ou epopeas) e o seu éxito é sempre máis que limitado. Mais o cine non é só a única industria cultural. O turismo tamén reporta grandes ingresos a certos estados (sobre todo Goa, Rajastán, Kerala), e a música e a danza atesouran non só tradicións ancestrais senón tamén interesantes propostas contemporáneas. E que dicir da literatura, das literaturas en realidade, por desgraza inaccesibles de forma ampla no mundo occidental, pero cargadas tamén de coñecemento e de potencial transformador das sociedades. Afortunadamente, grazas ao inglés podemos ter acceso a algúns interesantes traballos, desde os textos clásicos ata a literatura máis contemporánea que enriquecería a nosa visión dos países dunha maneira fundamental.

## **O elefante afástase**

---

Neste pequeno achegamento á India fomos capaces de rabuñar lixeiramente a superficie dunha complexa e interesante realidade. Sabemos que a pel dos elefantes é moi grosa, e seguramente a maraña de linguas, espazos, informacións, dificulta ás veces chegar ao interior, ao corazón dun país enorme e potente. As realidades que acabamos de percorrer son só unha pequena parte das moitas análises e impresións que se poden obter nunha empresa tan complexa como presentar un país de forma global. Cando menos, agardo que o interese fose suficiente para que cada quen siga explorando o elefante e o seu entorno, se cadra dun xeito menos arraigado na tradición orientalista e máis interesado polas persoas múltiples e diversas que o habitan, mirando aos ollos de igual a igual. A India é un país e mil países. Algúns en vías de extinción, outros en pleno florecer. Paga a pena achegarse a todos.

---

*María Reimóndez Meilán pertence a Implicadas no Desenvolvemento.*

## Bibliografía

---

- MOHANTY, Chandra Talpade: *Under Western Eyes*, Third World Women and the Politics of Feminism, Indiana U.P., Bloomington and Indianapolis, 1991, 51-80.
- MOHANTY, Chandra Talpade: *Under Western Eyes Revisited: Feminist Solidarity through Anticapitalist Struggles*, Signs: journal of Women in Culture and Society, vol 28, nº 2, 2002, 501-535.
- NANDI, Ashis: *The Intimate Enemy: The Loss and Recovery of Self under Colonialism*. Oxford University Press, Londres, 1983.
- NARAYAN, Uma: *Dislocating Cultures*, Routledge, Nova York, 1997.
- SAID, Edward: *Orientalism*, Vintage Books, Nova York, 1994.
- SUBAMMA, Malladi: *Atrocities on Women*, Malladi Publications, Hyderabad, 1987.
- YUNUS, Muhammad: *Banker to the Poor*, Publicaffairs, Nova York, 2003.
- <http://www.geocities.com/aipsg/charcha/july2004/elections.html>.
- <http://www.indian-elections.com/electoralsystem/electoralsystem.html>.
- <http://www.realinstitutoelcano.org/analisis/906.asp>.
- [http://www.viewsunplugged.com/VU/20031211/reflection\\_democracy\\_pf.shtml](http://www.viewsunplugged.com/VU/20031211/reflection_democracy_pf.shtml).
- <http://www.worldchanging.com/archives/002161.html>.